



# Concello de Vimianzo

C

## MINUTA-BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE VIMIANZO DE DATA 28/07/2012

O

Na vila de Vimianzo, ás nove horas do día vinteoito de xullo de dous mil doce, na sala de sesións da casa do Concello, constitúese en primeira convocatoria o Pleno do Concello ó obxecto de levar a cabo a sesión ordinaria convocada para este día.

P

Asisten os seguintes membros:

D. Manuel Antelo Pazos, alcalde  
D. Fernando Mancebo Amigo  
D.<sup>a</sup> María José Ramos Rey  
D. Anselmo Ramos Martínez  
D. José Antonio Miñones Riveiro  
D. José Manuel Rodríguez Blanco  
D.<sup>a</sup> Monserrat Vázquez Miñones  
D. Pablo López Vázquez.  
D. Manuel Soto Pérez  
D.<sup>a</sup> Mónica Rodríguez Ordoñez  
D.<sup>a</sup> María Carmen Hermida Tomé

I

A

Ausentes:

~~D. José Manuel Perez Trillo~~  
~~D.<sup>a</sup> Carmen Felicidad Borbujo Martínez~~

Secretaria: D.<sup>a</sup> María Cristina Varela García.

Interventor acctal: D. José Domingo Rodríguez Ferreira

Ú

Antes do comezo da sesión, o Sr. Alcalde agradece ao público a asistencia e aos membros da Corporación a súa comprensión por adiantar a hora do pleno ás nove horas, con motivo da imposibilidade da Secretaria municipal de asistir á hora habitual.

B

De seguido comézase coa deliberación dos asuntos da Orde do Día.

L

**1. Aprobación, se procede, dos borradores das actas das sesións ordinarias do 31 de marzo e 26 de maio de 2012.**

I

O Sr. Alcalde pregunta se hai alguna observación á acta do pleno do 26 de maio de 2012.

Ningún concelleiro formula observacións.

C

O Sr. Alcalde entende que entón está aprobada. A continuación le o primeiro punto da acta do anterior pleno ordinario, que se transcribe a continuación:

A

*"En cumprimento do disposto no artigo 91.1 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Sr. alcalde pregunta se algún membro da Corporación ten que formular algunha observación á citada acta.*

*O Sr. Miñones Riveiro sinala que o seu grupo non está dacordo coa acta porque non teñen constancia de que en dita sesión non se derá conta do acordo da Xunta de Goberno Local do 6 de febreiro de 2012, de aprobación do modificado do proxecto de saneamento na Piroga, tal como reflicte a acta. Piden escoitar as grabacións.*

C

O Sr. Alcalde puntualiza que quen redacta a acta é o secretario, e o alcalde non intervén para nada no proceso de elaboración desa acta. Non ten inconveniente en escoitar esa acta. Lembra que nas resolucións se da conta de aspectos relevantes. Di que o anterior secretario era bastante exquisito á hora de dar información, e un asunto tan relevante como a modificación do proxecto de saneamento, si se dou neste pleno, pero non ten inconveniente en escoitar esa acta.

P

O Sr. Soto Pérez non lembra tampouco que se dera conta, nin polo miúdo, ningún tipo de información sobre ese asunto, agás a resposta a unha pregunta do Sr. Miñones e a outra súa. Non deron conta do contido do modificado, e por tanto van votar en contra da acta.

I

O Sr. Alcalde sinala que non se dou conta do contido do proxecto modificado, senón do acordo da Xunta de Goberno Local no que se aprobou o modificado. Sinala que é unha mágoa que non pediran información antes. Reitera que é un asunto que non lle incumbe ó alcalde, senón ao secretario.

A

Sometida a votación, con catro votos a favor do BNG, unha abstención do PP e seis votos en contra do PSOE e IxV, queda rexeitada a aprobación da acta.

O alcalde conclúe que se rexeita unha acta porque supostamente non se dou conta dun acordo. Di que lle vai preguntar á secretaria que se fai nestes casos e igual hai que pagarlle un viaxe ao anterior secretario para que aclare o tema."

P

O Sr. Alcalde di que as veces a memoria falla, pero é curioso que lle falle a case toda a Corporación. Anuncia que se vai reproducir o audio da sesión ordinaria do 31 de marzo de 2012. Na reprodución escoitase ao anterior secretario dando conta do acordo da Xunta de Goberno Local do 6 de febreiro de 2012, no que se aproba o modificado do proxecto da obra "Saneamento integral do núcleo da Piroga".

Ú

O Sr. Alcalde pregunta se se entende aprobada a acta do 31 de marzo de 2012, dado que os motivos que levaron a votar en contra carecen de fundamento.

B

Non se formulan observacións por parte dos concelleiros.

L

**2. Aprobación inicial do expediente de establecemento e ordenación dos prezos públicos pola realización de actividades culturais, de lecer ou tempo libre, organizadas polo Concello de Vimianzo.**

I

O Sr. Alcalde sinala que cambiou a funcionaria titular da Intervención e a nova titular está establecendo novos criterios que, ao seu xuízo, había que mellorar. Plantexou establecer unha ordenanza de prezos públicos para regularizar prácticas que xa se viñan facendo.

C

De orde do Sr. Alcalde, a Secretaria le o ditame da Comisión Informativa de Facenda, de data 24 de xullo de 2012:

A

"(...) Sometido o asunto a votación, a Comisión Informativa de Contas, por dous votos a favor do BNG e tres abstencións, ditamina favorablemente a seguinte proposta de acordo:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o expediente de establecemento e ordenación dos Prezos Públicos pola realización de actividades culturais, de lecer ou tempo libre, organizadas polo Concello de Vimianzo.



# Concello de Vimianzo

C

*Segundo.- Expoñer este expediente ao público, mediante a inserción do anuncio de exposición pública no taboleiro de anuncios deste Concello e no Boletín Oficial da Provincia, por un prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinalos e plantexar as reclamacións que estimen oportunas."*

O

P

O Sr. Alcalde dalle a palabra ao voceiro socialista.

I

O Sr. Miñones Riveiro di que son conscientes de que as arcas municipais necesitan fondos, pero neste época de crise tamén o necesitan as familias, e por iso vanse abster, por estar en contra dunha suba de taxas municipais.

A

O Sr. Alcalde dalle a palabra ao voceiro de IxV.

O Sr. Soto Pérez di que tamén se van abster, porque se se leva funcionando tantos anos non entenden porqué agora se cambia, agás que se queiran subir as taxas.

O Sr. Alcalde dalle a palabra ao voceiro do PP.

O Sr. López Vázquez di que tamén se absteñen porque entenden, coma o PSOE, que é unha suba de taxas.

~~P~~

O Sr. Alcalde dalle a palabra ao voceiro nacionalista.

O Sr. Mancebo Amigo di que lle podemos chamar como queiramos, pero simplemente se trata de darlle formalidade a feitos tales coma: cando se organizaba unha excursión os vecinos traían os cartos ao concello, cando o normal é que poda ingresar os cartos nunha entidade bancaria. Non hai ningunha intención de subir as taxas. O concello non pode estar actuando coma unha comisión de festas. Anuncia que queren retocar outras ordenanzas coma a da feira, para darles maior formalidade.

U

B

Sometido o asunto a votación, o Pleno do Concello, con catro votos a favor (BNG), ningún voto en contra e oito abstencións (PSOE, IxV e PP), acorda:

L

Primeiro.- Aprobar inicialmente o expediente de establecemento e ordenación dos Prezos Públicos pola realización de actividades culturais, de lecer ou tempo libre, organizadas polo Concello de Vimianzo.

I

Segundo.- Expoñer este expediente ao público, mediante a inserción do anuncio de exposición pública no taboleiro de anuncios deste Concello e no Boletín Oficial da Provincia, por un prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinalos e plantexar as reclamacións que estimen oportunas.

C

**3. Aprobación da modificación das Bases de Execución do Orzamento introducindo no capítulo VII, na Base 36ª, un apartado E), para inclusión dunha subvención nominativa na aplicación orzamentaria 337.442.**

A

O Sr. Alcalde explica que este punto tamén se trae a iniciativa da Interventora, referido ao servizo de Noitebús, que inicialmente financiou a Xunta, despois deixou de financiar e o anterior goberno municipal continuou con el e o novo goberno decidiu darlle continuidade a este servizo. Sinala que a Interventora entende que non se pode continuar abonando facturas á empresa, senón que se debe dar unha subvención aos usuarios.

C

De orde do Sr. Alcalde, a Secretaria le o ditame da Comisión Informativa de Facenda:

O

*"(...) Sometido o asunto a votación, a Comisión Informativa de Contas, por dous votos a favor do BNG e tres abstencións, ditamina favorablemente a seguinte proposta de acordo:*

P

*PRIMEIRO.- Aprobar a modificación das Bases de Execución do Orzamento introducindo no capítulo VII, na Base nº 36ª, un apartado E) de xeito que se contemple unha subvención nominativa a favor da empresa que conte con autorización administrativa para a prestacións do servizo de transporte público a lugares de lecer, no itinerario que transcurre por diferentes lugares de Vimianzo ata Sta. Comba por un importe máximo de 4.000 €, entre tanto se manteña este servizo, promovendo a concurrencia de empresas a solicitar a autorización, unha vez remate o prazo de autorización da actual. A relación entre o Concello e a prestadora do servizo articularase mediante convenio, establecendo nun principio a axuda por viaxe efectuado, e tratando de articular nun futuro o control por usuarios, de xeito que lle sexan entregados bonos aos rapaces, e o importe da axuda a percibir pola empresa, se cuantifique por bonos entregados.*

A

*SEGUNDO.- Que se dea publicidade a dito acordo, conforme ao establecido no artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de Marzo."*

O Sr. Alcalde dalle a palabra aos voceiros municipais.

P

O Sr. Miñones Riveiro di que van votar a favor, porque se trata dun servizo necesario.

O Sr. Soto Pérez celebra que o alcalde estea a favor de continuar con este servizo, e pídelo que se busque un sistema áxil para que os mozos se podan facer cos billetes. Van votar a favor.

Ú

O Sr. López Vázquez di que van votar a favor, porque todo o que sexa reducir mortes na estrada vano apoiar.

B

O Sr. Alcalde dille ao Sr. Soto que están a favor dunha xestión eficaz e por tanto poñerán en marcha un sistema áxil.

O Sr. Alcalde entende aprobado por unanimidade o punto.

L

#### **4. Aprobación da Conta Xeral do exercicio 2011 do Concello de Vimianzo.**

I

O Sr. Alcalde explica que se trata de aprobar as contas do ano anterior, que foi xestionado polo anterior goberno e polo novo xurdido das eleccións de maio. Considera que se trata dun trámite necesario para que as contas sexan fiscalizadas polos órganos externos: Tribunal de Cuentas e Consello de Contas de Galicia.

C

De orde do Sr. Alcalde, o Sr. Interventor accidental le a proposta da Alcaldía, de data 19 de xullo de 2012, que copiada literalmente:

*"PROPOSTA DA ALCALDÍA*

A

*Visto que a Conta Xeral do exercicio 2011 deste concello, xunto coa documentación anexa á mesma foi ditaminada favorable pola Comisión Especial de Contas na sesión celebrada con data 26 de maio de 2012.*

*Visto que o anuncio de exposición pública da mesma foi publicado no Boletín Oficial da provincia da Coruña de 4 de xuño de 2012, e que transcurrido o prazo de exposición pública non se ten presentado alegación algunha contra a mesma.*



# Concello de Vimianzo

C

De conformidade co disposto no artigo 212 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, esta Alcaldía PROPÓN ao Pleno da Corporación a aprobación da seguinte proposta de acordo:

O

*PRIMEIRO.- Aprobar a Conta Xeral do exercicio 2011 do Concello de Vimianzo.*

P

*SEGUNDO.- Render a Conta Xeral así aprobada e toda a documentación que a integra á fiscalización, de acordo co artigo 212.5 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais."*

I

O Sr. Alcalde dalle a palabra aos voceiros municipais.

O Sr. Miñones Riveiro xa dixo na comisión que se van abster porque, como ben dixo o alcalde, reflicte a xestión de dous gobernos, e prefiren absterse a votar en contra.

A

O Sr. Soto Pérez sinala que non atopan obxección que facer as contas, e como se trata dun trámite, das contas do goberno, vanse abster.

O Sr. López Vázquez di que se van abster porque non participaron en ningún dos gobernos.

O Sr. Alcalde di que eles van facer un exercicio de responsabilidade e van votar a favor.

Sometido o asunto a votación, o Pleno do Concello, con catro votos a favor (BNG), ningún voto en contra e oito abstencións (PSOE, IxV e PP), acorda:

~~P~~

*PRIMEIRO.- Aprobar a Conta Xeral do exercicio 2011 do Concello de Vimianzo.*

U

*SEGUNDO.- Render a Conta Xeral así aprobada e toda a documentación que a integra á fiscalización, de acordo co artigo 212.5 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.*

B

**5. Aprobación dunha moción de apoio ao sector lácteo galego, a partires da solicitude dos sindicatos Unións Agrarias, Xóvenes Agricultores e Sindicato Labrego Galego.**

L

O Sr. Alcalde explica que hai quince días os alcaldes da zona foron convocados a unha reunión en Carballo polos principais sindicatos. Sinala que se trata dun sector importante no municipio e di que está orgulloso de contar no seu equipo cunha persoa que está a fronte dunha explotación agraria. O que se pide é que...

I

De orde do Sr. Alcalde, a Secretaria le o ditame da Comisión Informativa de Réxime Interior, de data 24 de xullo de 2012:

C

*"(...) Sometido o asunto a votación, a Comisión Informativa de Réxime Interior, por catro votos a favor do BNG, PSOE e IxV e unha abstención do PP, ditamina favorablemente a seguinte proposta de acordo:*

A

*Primeiro.- Solicitar do Presidente da Xunta de Galicia o seguinte paquete de medidas:*

*1º. Esixir aos Ministerios de Agricultura e Economía que non permitan que a distribución francesa e alemá nos trate como o sumidoiro para a súa produción láctea a custa de arruinar zonas produtoras como Galicia.*

*2º. Que no exercicio das súas responsabilidades tome as iniciativas oportunas para impedir a discriminación de prezos que as empresas exercen sobre o leite galego, articulando mesas de*

C

*negociación entre produtores, industria e distribución semellantes ás que se deron en países veciños coma Francia.*

O

*3º. A posta en marcha dun observatorio de prezos das materias primas que permita valorar a súa evolución de xeito transparente.*

P

*4º. Que formule nas instancias que corresponda e con urxencia, as modificacións normativas que aseguren unha aplicación axeitada dos contratos no sector lácteo. A pesar do inmediato destes cambios, algunhas cuestións legais están pendentes de regular, tales coma os criterios de fixación do volume nos contratos ou a necesidade de regular a figura do mediador con capacidade de resolver discrepancias entre produtores e industria.*

I

A

*5º. Que traslade á Consellería do Medio Rural a necesidade de reforzar as partidas de axudas á modernización das explotacións e, sobre todo, que actúe de xeito decidido contra o déficit de terra que padecen as explotacións galegas, que está a limitar a rendibilidade das mesmas e a comprometer o futuro das axudas europeas que estarán ligadas á superficie agraria.*

*Segundo.- Remitir este acordo ao Presidente da Xunta de Galicia."*

O Sr. Alcalde dalle a palabra aos voceiros municipais.

P

O Sr. Miñones Riveiro di que xa mostraron o seu apoio na comisión e considera que é moi triste que en Galicia sexa onde menos se paga o leite. Pide apoio para outros sectores importantes na zona coma o forestal ou o porcino.

Ú

O Sr. Soto Pérez di que van apoiar esta proposta. Lembra que eles xa trouxeron ao pleno mocións para que se rebaixase o custe das licenzas para ampliacións de explotacións gandeiras, que o alcalde rexeitou. Invita ao alcalde a retomar aquela proposta, cos informes previos da Intervención.

B

O Sr. López Vázquez di que van votar a favor, porque hoxe en día un kilo de pienso custa máis que un litro de leite.

L

O Sr. Mancebo Amigo sinala que este goberno vai apoiar a este sector, que é prioritario no municipio, non por facturación, pero si por número de empregados. Tómale a palabra ao Sr. Soto e vai traballar nese camiño. Cando foi o tema do polígono non se rexeitou esa medida, pero daquela non era o tema. Lembra as medidas que se están tomando polo concello: formación, accesos ás fincas, etc. Considera que debe darse prestixio ao sector e facelo máis profesional, máis comercial. Considera que hai que traballar tamén coas empresas primeiras transformadoras do sector (cita a Domínguez).

I

O Sr. Soto Pérez pide a palabra.

C

O Sr. Alcalde considera que o tema está máis que debatido, e que non se trata de debatir o programa electoral de cada grupo. Comprométese a tratar estes temas nunha comisión. Pregunta se o portavoz de IxV vai aportar algo novo á moción.

A

O Sr. Soto Pérez di que respecto da moción non, pero respecto do debate que está producindo si.

O Sr. Alcalde di que entón entende aprobada a moción por unanimidade.

## **6. Rexeitar a nova proposta de demarcación xudicial.**



# Concello de Vimianzo

C

O Sr. Alcalde explica que este punto ven a petición do Concello de Corcubián, que adoptou un acordo similar, en contra da centralización da administración de xustiza, que conlevaría a supresión dos xulgados de Corcubián. Recollen esta proposta, porque non están os tempos para alonxar a administración dos cidadáns, e fana súa.

O

P

De orde do Sr. Alcalde, a Secretaria le o ditame da Comisión Informativa de Réxime Interior, de data 24 de xullo de 2012:

I

*"(...) Sometido o asunto a votación, a Comisión Informativa de Réxime Interior, por tres votos a favor do BNG e PSOE, e dúas abstencións de PP e IxV, ditamina favorablemente a seguinte proposta de acordo:*

A

*Primeiro.- Rexeitar a nova proposta de demarcación xudicial, pola que se agruparían os partidos xudiciais de Corcubián. Muros, Noia e Ribeira e que non se modifique a demarcación e planta xudicial existente na actualidade, e polo tanto, se manteña o Partido Xudicial de Corcubián nas dimensións actuais, de acordo co establecido na Lei Orgánica 39/1988.*

*Segundo.- Apoiar a elaboración dun manifesto entre os concellos que defenda a actual demarcación xudicial, para ser aprobado en todas as Corporacións municipais do Partido Xudicial de Corcubián, e dar traslado do acordo ao Consello Xeral do Poder Xudicial, ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, ao Ministerio de Xustiza, á Consellería de Xustiza da Xunta de Galicia e aos grupos políticos do Parlamento Galego.*

~~P~~

~~*Terceiro.- Solicitar á Xunta de Galicia, ao Parlamento Galego e aos seus grupos políticos que reclamen as competencias en materia de Xustiza ao Goberno do Estado e ao Ministerio, para ordenar e organizar a nosa planta xudicial."*~~

U

O Sr. Alcalde dalle a palabra aos voceiros municipais.

B

O Sr. Miñones Riveiro di que van votar a favor, porque é triste que en lugar de darnos máis servizos no los saquen, de xeito que os vimianceses van ter que desprazarse a Muros para ir ao xulgado.

L

O Sr. Soto Pérez di que nestes tempos as propostas evolucionan, e van rexeitar esta proposta porque supón alonxar os servizos dos cidadáns. Puntualiza que isto é unha proposta, hai que ver como evolucionan as cousas.

I

O Sr. López Vázquez di que lle gustaría que seguira todo en Corcubián pero neste caso non procede pronunciarse sobre un texto que non é definitivo. Entende que o razoable sería agardar ao texto articulado elaborado pola comisión nomeada polo Ministerio, polo tanto vanse abster.

C

O Sr. Alcalde di que a proposta non é inventada, está na web do poder xudicial. Unha vez que estea elaborado vai ser máis complicado pronunciarse.

A

Sometido o asunto a votación, o Pleno do Concello, por dez votos a favor (BNG, PSOE e IxV) e dúas abstencións (PP), acorda:

*Primeiro.- Rexeitar a nova proposta de demarcación xudicial, pola que se agruparían os partidos xudiciais de Corcubián. Muros, Noia e Ribeira e que non se modifique a demarcación e planta xudicial existente na actualidade, e polo tanto, se manteña o Partido Xudicial de Corcubián nas dimensións actuais, de acordo co establecido na Lei Orgánica 39/1988.*

C

Segundo.- Apoiar a elaboración dun manifesto entre os concellos que defenda a actual demarcación xudicial, para ser aprobado en todas as Corporacións municipais do Partido Xudicial de Corcubión, e dar traslado do acordo ao Consello Xeral do Poder Xudicial, ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, ao Ministerio de Xustiza, á Consellería de Xustiza da Xunta de Galicia e aos grupos políticos do Parlamento Galego.

O

P

Terceiro.- Solicitar á Xunta de Galicia, ao Parlamento Galego e aos seus grupos políticos que reclamen as competencias en materia de Xustiza ao Goberno do Estado e ao Ministerio, para ordenar e organizar a nosa planta xudicial.

I

**7. Moción do BNG sobre as medidas económicas e a reforma do réxime local adoptadas polo goberno central.**

A

O Sr. Alcalde explica que esta moción quere contribuir a esclarecer o debate que se está producindo acerca da crise, que parece que teñen que pagar os que non foron responsables. Os recortes supoñen voltar a varios anos atrás e centralizar a administración, recurtando o número de concelleiros e invadindo as competencias dos concellos. Entende que se pretende desviar a atención, buscando un tonto útil, neste caso os concelleiros, que son os políticos máis cercanos. A única institución que non foi deseñada pola Constitución son as deputacións, que agora se veñen a potenciar en detrimento dos concellos.

P

De orde do Sr. Alcalde, a Secretaria le o ditame da Comisión Informativa de Réxime Interior, de data 24 de xullo de 2012:

Ú

*"(...) Sometido o asunto a votación, a Comisión Informativa de Réxime Interior, por dous votos a favor do BNG, dúas abstencións de PSOE e PP e un voto particular de IxV, ditamina favorablemente a seguinte proposta de acordo:*

B

*1. Rexeitar as medidas de Reforma da Lei de Bases de Réxime Local adoptada polo goberno do Estado, en canto invaden as competencias propias de Galiza, non solucionan a falla de financiamento que sofren os concellos galegos e atacan a autonomía municipal dos concellos de menos de 20.000 habitantes -amplísima maioría dos concellos galegos- potenciando as deputacións provinciais.*

L

I

*2. Rexeitar a redución do número de concelleiros e concelleiras que se pretende por canto reduce o pluralismo político, a necesaria participación na xestión municipal e non significa aforro económico ningún por canto a maioría de concelleiros e concelleiras non perciben retribucións económicas.*

C

*3. Demandar a supresión das deputacións provinciais pasando as súas funcións a concellos e Xunta de Galiza, que conlevará un importante aforro económico e unha eficiencia na xestión.*

A

*4. Manifestar a nosa oposición a cargar sobre as funcionarias e funcionarios públicos e especialmente sobre o funcionariado municipal a crise económica coa supresión da paga extra de nadal e sobre a cidadanía coa suba do IVE, co recorte nas prestacións ao desemprego, medidas que conlevarán unha redución da capacidade adquisitiva e unha caída no consumo e na actividade económica que prexudicará gravemente ao comercio e á actividade económica local."*





# Concello de Vimianzo

C

A Secretaría aclara o voto particular do Sr. Soto Pérez: suscribe íntegramente a moción agás no que respecta ás deputacións.

O

O Sr. Alcalde dalle a palabra aos voceiros municipais.

P

O Sr. Miñones Riveiro di que van apoiar a moción.

I

O Sr. Soto Pérez considera que hai medidas demagóxicas, coma a supresión de concelleiros, xa que moitos non supoñen un gasto porque non cobran. Respecto das deputacións, concíbeas coma un elemento vertebrador que suplen a insuficiencia de medios dos concellos máis pequenos: recaudación, asistencia a municipios, o Plan DTC 94, etc. Se se suprimisen concellos de menos de 20.000 habitantes entón si estarían dacordo en eliminar as deputacións, pero neste momento consideran que é un organismo necesario. Aproveita para felicitar a algún grupo que no seu momento non estaba moi dacordo coa Constitución.

A

O Sr. López Vázquez sinala que ten unha emenda transaccional e pide a palabra para lela.

O Sr. Alcalde dalle a palabra.

O voceiro popular le a emenda: *"Dirixirse ao goberno de España para que reconsidere as medidas propostas polo informe do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas sobre a reforma da Lei de Bases de Réxime Local e que se abra unha negociación coa FEGAMP e coa FEMP, coa participación das Comunidades Autónomas, co obxectivo de aprobar unha normativa en materia de réxime local que partindo do recoñecemento da autonomía política e administrativa dos gobernos locais permita ter en conta a problemática específica dos concellos galegos ao tempo que contribúa a eliminar as duplicidades existentes entre os distintos niveis de goberno, asegurando o recoñecemento de competencias ás entidades locais e un marco financeiro acaído para o exercicio das mesmas."*

P

Di que neste punto vanse abster porque é un tema bastante delicado e van facer un voto prudente.

B

O Sr. Mancebo Amigo di que todos os grupos se expresaron ben e detrás disto hai unha desviación de atención, porque se alguén non ten a responsabilidade da crise son os concellos pequenos. Esta proposta pretende trasladar máis carga impositiva aos cidadáns dos concellos pequenos. Pon como exemplo os servizos deficitarios, que pasarían á Deputación, o que suporía un maior custe dos servizos para os vecinos porque non teñen unha varita máxica. Considera que os concellos deben poder decidir como xestionar os seus servizos, e non se pode penalizar un servizo deficitario aumentando o custe para os vecinos. Le un fragmento do borrador, e critica que se vaia deixar aos concellos sen competencias.

L

O Sr. Alcalde propón someter a votación o ditame da comisión, e se sae aprobado o ditame xa non se somete a votación o voto particular de IxV nin a emenda do PP.

C

Non se producen obxeccións por parte dos concelleiros.

A

Sometido o asunto a votación, o Pleno do Concello, por sete votos a favor (BNG e PSOE), ningún voto en contra e cinco abstencións (IxV e PP), acorda:

1. Rexeitar as medidas de Reforma da Lei de Bases de Réxime Local adoptada polo goberno do Estado, en canto invaden as competencias propias de Galiza, non soluciónan a falla de financiamento que sofren os concellos galegos e atacan a autonomía municipal dos concellos de menos de 20.000 habitantes -amplísima maioría dos concellos galegos- potenciando as deputacións provinciais.

C

2. Rexeitar a redución do número de concelleiros e concelleiras que se pretende por canto reduce o pluralismo político, a necesaria participación na xestión municipal e non significa aforro económico ningún por canto a maioría de concelleiros e concelleiras non perciben retribucións económicas.

O

P

3. Demandar a supresión das deputacións provinciais pasando as súas funcións a concellos e Xunta de Galiza, que conlevará un importante aforro económico e unha eficiencia na xestión.

I

4. Manifestar a nosa oposición a cargar sobre as funcionarias e funcionarios públicos e especialmente sobre o funcionariado municipal a crise económica coa supresión da paga extra de nadal e sobre a cidadanía coa suba do IVE, co recorte nas prestacións ao desemprego, medidas que conlevarán unha redución da capacidade adquisitiva e unha caída no consumo e na actividade económica que prexudicará gravemente ao comercio e á actividade económica local.

A

## 8. Inicio do expediente de deslinde do cruceiro de Cheis.

O Sr. Alcalde explica que o cruceiro de Cheis é un dos máis importantes de Galicia: de estilo barroco, cunha antigüidade de catrocentos ou cincocentos anos, ubicado nunha encrucillada de camiños entre Tines e Baíñas. Sinala que se entrevistou co Director Xeral de Patrimonio para pedirle medidas de protección, que lle dixo que si, previa acreditación da situación xurídica do ben. O alcalde explica que claramente está en dominio público, pero é necesario proceder ao seu deslinde.

P

De orde do Sr. Alcalde, a Secretaria le o ditame da Comisión Informativa de Réxime Interior, de data 24 de xullo de 2012:

Ú

*"(...) Sometido o asunto a votación, a Comisión Informativa de Réxime Interior, por unanimidade dos seus membros, ditamina favorablemente a seguinte proposta de acordo:*

B

*Primeiro.- Que se efectúe o deslinde do cruceiro de Cheis, fixando como día para practicas o 8 de outubro de 2012.*

L

*Segundo.- Que se notifique persoalmente o presente acordo aos propietarios/as dos bens inmobles colindantes e aos titulares de dereitos reais afectados polo deslinde, citándoos para o día fixado para o afeo.*

I

*Terceiro.- Dar traslado do presente acordo ao Rexistro da Propiedade de Corcubión, a efectos de que tome razón da incoación do expediente por medio de nota marxinal, no caso de que o inmueble no que se ubica o cruceiro de Cheis estea inscrito.*

C

*Cuarto.- Publicar o anuncio do deslinde no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do concello."*

A

O Sr. Alcalde dalle a palabra aos voceiros municipais.

O Sr. Miñones Riveiro pregunta se os informes técnicos son favorables.

O Sr. Alcalde di que si.

O Sr. Miñones Riveiro di que sendo así o seu grupo vai votar a favor.



# Concello de Vimianzo

C

O Sr. Soto Pérez di que este punto foi introducido fora da orde do día da comisión, pero considera que é un asunto que hai que abordar ao tratarse da protección do noso patrimonio. Van votar a favor.

O

O Sr. López Vázquez sinala que van votar a favor, pero pide que se teña en conta que está no límite co concello de Zas e que hai que asegurarse que os propietarios estean totalmente dacordo.

P

O Sr. Alcalde quere facer dúas aclaracións: non está no límite do concello de Zas, e o propietario é o concello. Di que se o voceiro do PP se refire ós lindantes, o cruceiro está perfectamente definido, pero vaise facer a cousa ben, citando a todos os lindantes para que aleguen o que crean conveniente.

I

O Sr. Alcalde entende o punto aprobado por unanimidade.

A

## 9. Declarar a Vimianzo 'Cidade solidaria co Alzheimer'.

O Sr. Alcalde sinala que se trata dun mal que desgraciadamente medra máis entre a poboación e ten uns custos moi altos para a sociedade. A Asociación de Familiares de Alzheimer de Bergantiños solicitoulles este acordo como xesto de solidariedade.

De orde do Sr. Alcalde, a Secretaria le o ditame da Comisión Informativa de Benestar Social, de data 24 de xullo de 2012:

P

*“(→) Sometido o asunto a votación, a Comisión Informativa de Benestar Social, por unanimidade dos seus membros, ditamina favorablemente a seguinte proposta de acordo:*

U

*Declarar a Vimianzo “Cidade Solidaria co Alzheimer”.*

O Sr. Alcalde dalle a palabra aos voceiros municipais.

B

O Sr. Miñones Riveiro di que se trata dunha enfermidade para a cal aínda non hai moitos medios para paliala, e por tanto van votar a favor.

O Sr. Soto Pérez sinala que os motivos para apoiar este acordo xa os espuxo o alcalde, e non fan falta máis explicacións.

L

O Sr. López Vázquez mostra o seu apoio aos familiares dos enfermos de Alzheimer e di que van votar a favor.

I

O Sr. Alcalde entende o punto aprobado por unanimidade.

## 10. Asuntos de urxencia.

C

Non hai asuntos de urxencia.

## 11. Comunicados oficiais.

A

Non hai.

## 12. Dación de conta de resolucións da Alcaldía-Presidencia.

En cumprimento do disposto no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades

C

locais, consta no expediente da presente sesión plenaria a relación de resolucións da Alcaldía-Presidencia adoptadas dende a sesión plenaria de carácter ordinario celebrada o 26 de maio de 2012, dende a resolución núm. 178, do 24/05/2012 ata a resolución núm. 554, do 24/07/2012. O listado únese a esta acta como anexo I.

O

P

Ditas resolucións foron postas a disposición dos Sres. Concelleiros dende a data da convocatoria da presente sesión plenaria.

De orde do Sr. Alcalde, a Sra. Secretaria da conta das seguintes resolucións:

I

- 06/06/2012, núm. 248, solicitude de subvencións aos proxectos dinamizadores das áreas rurais promovidos.

A

- 08/06/2012, núm. 260, solicitude de subvencións, liña de concorrencia non competitiva, destinadas a entidades locais do Fondo de Compensación Ambiental, anualidade 2012.

- 08/06/2012, nº 261, solicitude de subvencións, liña de concorrencia competitiva, destinadas a entidades locais do Fondo de Compensación Ambiental, anualidade 2012.

- 08/06/2012, nº 263, declaración do servizo de axuda no fogar como servizo público esencial, aos efectos do disposto no art. 3.2 do RDLei 20/2011, do 30 de decembro.

P

- 11/06/2012, nº 269, declaración do servizo de piscina municipal como servizo público esencial, aos efectos do disposto no art. 3.2 do RDLei 20/2011, do 30 de decembro.

- 13/06/2012, nº 297, declaración do acceso aos núcleos de poboación como servizo público esencial, aos efectos do disposto no art. 3.2 do RDLei 20/2011, do 30 de decembro.

Ú

- 28/06/2012, nº 401, solicitude de subvencións dirixidas a entidades de acción voluntaria para o fomento e realización de actividades de voluntariado.

B

- 28/06/2012, nº 407, ordenación do aparcamento nas inmediacións da escola infantil municipal.

- 02/07/2012, nº 420, aceptación da subvención do Fondo de Compensación Ambiental. Liña non competitiva ano 2012.

L

- 09/07/2012, nº 469, solicitude de axudas para o soterramento de infraestruturas eléctricas na Comunidade Autónoma de Galicia. Orde do 1 de xuño de 2012, publicada no DOG nº 111, do 12 de xuño de 2012.

I

- 10/07/2012, nº 476, solicitude de axudas para equipamento e mellora das instalacións e locais utilizados para a realización de actividades culturais (Orde do 30 de maio de 2012, publicada no DOG nº 112 do 13 de xuño).

C

- 18/07/2012, nº 505, modificación da delegación de atribucións da Alcaldía na Xunta de Goberno Local.

A

- 18/07/2012, nº 506, modificación das delegacións especiais en concelleiros.

O Pleno dase por informado.

### 13. Mocións.

O Sr. Alcalde pregunta se algún grupo quere presentar alguna moción por urxencia.



# Concello de Vimianzo

C

## 13.1 Moción do PSOE sobre a creación da comisión de investigación da obra "Saneamento na Piroga"

O

O Sr. Rodríguez Blanco presente unha moción verbal, relativa a reapertura da comisión de investigación da obra da Piroga, que considera moi urxente.

P

O Sr. Alcalde di que o concelleiro socialista segue con esa obsesión, e a obsesión do alcalde é sacar a obra para adiante. Di que a comisión non se pode reabrir, en todo caso haberá que volver a creala. Repite o seu compromiso de informar á Corporación a través da comisión de obras. Aproveita a ocasión para informar que xa contan coa autorización de Augas de Galicia, e están pendentes do visto bo de supervisión de proxectos da Deputación para reiniciar as obras. Agradece o cumprimento do presidente de Augas de Galicia, que lle prometeu que estaría en xullo.

A

O Sr. Rodríguez Blanco di que o alcalde pudo ter informado desa autorización, así como de si a Deputación autorizou o modificado.

O Sr. Alcalde sinala que esa comisión xa rematou os seus traballos...

O Sr. Rodríguez di que non é así, que se estivera rematado non o levaría a este pleno...

O Sr. Alcalde somete a votación a urxencia.

~~D~~

Con oito votos a favor (PSOE, IxV e PP) e catro en contra (BNG) aprobouse a urxencia.

~~A~~

A continuación, o Sr. Alcalde somete a votación a moción.

U

A Secretaria pide que se aclaren os termos da moción antes de votación.

B

O Sr. Alcalde di que non, que non é cousa súa, senón do concelleiro que presenta a moción, que ten que saber o que propón.

L

O Sr. Rodríguez Blanco volve a formulala: "Crear de novo a comisión de investigación da obra Saneamento da Piroga, nos mesmos termos que foi creada anteriormente."

I

O Sr. Alcalde repite o seu compromiso de dar conta nunha comisión de obras, pero lóxicamente entende que a oposición é libre de facer o que queira.

C

Sometido o asunto a votación, o Pleno do Concello, con oito votos a favor (PSOE, IxV e PP) e catro en contra (BNG) acorda:

A

Crear de novo a comisión de investigación da obra Saneamento da Piroga, nos mesmos termos que foi creada anteriormente.

## 13.2. Moción de IxV para a defensa da pesca libre nos ríos Grande e Cambeda

O Sr. Alcalde pregunta se IxV ten alguna moción.

O Sr. Soto Pérez di que teñen dúas mocións. A primeira é relativa á pesca libre no río Grande e no río Cambeda. Explica que se quere acotar, de xeito que se eliminaría a pesca libre.

C

O Sr. Alcalde aclara que houbo unha reunión no que os representantes se posicionaron en contra de acotar os ríos, e ademáis houbo un acordo da xunta de goberno local dando instrucións aos servizos municipais para que presenten alegacións a este acordo no prazo de exposición pública; e en terceiro lugar houbo recollida de sinaturas por parte de persoas disconformes con este asunto e déronlle certificación do acordo da xunta de goberno. Di que o seu grupo apoia a urxencia da moción e consideran que é necesario que se pare esta iniciativa.

O

P

Sometida a votación a urxencia, aprobouse por unanimidade dos membros presentes.

I

O Sr. Alcalde pide que lle dea lectura á moción.

O Sr. Soto Pérez resume o contido da moción primeiro e dalle lectura despois á parte dispositiva:

A

*"(...) 1.º- Que se acorde manifestar a posición contraria do pleno do concello de Vimianzo a creación do coto de pesca anunciado no Dog de 19 de xuño de 2012, por considerarse innecesario e lesivo para os intereses do Concello de Vimianzo.*

*2º Que se dea traslado deste acordo á dirección xeral de Conservación da Natureza."*

O Sr. Miñones Riveiro expresa o seu apoio.

O Sr. López Vázquez pide ler unas notas que trae: sinala que as licenzas compraránse na Coruña e os pescadores que viven de lado do río non van poder pescar e verán como lles pisan as colleitas. Remata dicindo que se opón radicalmente á creación de dito coto.

P

O Sr. Alcalde di que está claro que están todos en contra de que se privatice o río, e por tanto entende que se aproba por asentimento a moción.

Ú

**13.3. Moción de IxV destinada a que os lexítimos propietarios dos montes coñecidos como "Gorreis" e "Milleira" parroquia de Carantoña recuperen e súa plena propiedade**

B

O Sr. Alcalde pregunta se IxV ten alguna moción máis.

O Sr. Soto Pérez sinala que si: unha moción relativa á recuperación dos montes Gorreis e Milleira por parte dos veciños de Carantoña.

L

O Sr. Alcalde considera que é un tema serio, e os veciños piden que se trate de resolver o problema máis que enredar a cousa. Considera que IxV debiu presentar a moción con antelación e non o mesmo día do pleno. Sinala que o concello xa se ten pronunciado a favor deste asunto.

I

Pide que quede sobre a mesa, que se cree unha comisión para abordar unha folla de ruta, na que estean representados membros de todos os grupos, os servizos municipais e os veciños. Comprométese a convocar a comisión este semana, o próximo venres.

C

O Sr. Soto pide votar a urxencia, aínda que non lle parece descabellado o plantexamento do alcalde. Están dispostos a asumir solución integradoras.

A

O Sr. Alcalde di que se a moción se presentase antes da convocatoria, estaría como punto na orde do día. Pregunta se están todos dacordo coa urxencia, e sendo así dalle a palabra ao voceiro de IxV.

O Sr. Soto Pérez le a moción, da que se transcribe únicamente a parte dispositiva:



# Concello de Vimianzo

C

*"1.º Que o Concello de Vimianzo, asuma a totalidade dos gastos, xurídicos, técnicos e procesais derivados dos procesos iniciados polos veciños afectados no monte "milleira" e "gorraís" para recuperar a plena propiedade dos ditos montes.*

O

*2.º Que por parte do concello se inicie de oficio o procedemento de cancelación da inscrición rexistral dos montes que recolle o rexistro da propiedade de forma incorrecta.*

P

*3.º Que o concello habilite os servizos técnicos, xurídicos poñendo a disposición dos veciños afectados de xeito que poidan ser atendidas de xeito favorable na vía administrativa previa aquelas reclamación que sexan procedentes, evitando suizos e contenciosos innecesarios."*

I

Non obstante, non ten inconveniente en chegar a un acordo que convenza a todos.

A

O Sr. Alcalde plantexa a súa proposta de acordo: *"Constituír unha comisión especial sobre os montes consorciados, nomeadamente da parroquia de Carantoña, Gorreis e Milleira, composta por un membro de cada grupo municipal, presidida polo alcalde, e asistida polos técnicos municipais de Secretaría, Intervención e Urbanismo, así como polo asesor xurídico do Concello. Constituiríase o venres desta semana e traballará na elaboración dunha folla de ruta que indique os pasos a seguir, tendo en conta a aportación dos veciños afectados e dos seus asesores xurídicos."*

P

O alcalde di que hai que ver o expediente, intentar completalo, e hai que fiar moi fino porque senón podemos estar ante un problema máis gordo, pois os veciños reclaman a propiedade individual, non a colectiva. Cre que vai haber que reunirse moitas veces, non resolver isto a golpe de pleno. Pide que a Corporación, aínda que está fraccionada, se una para solucionar os problemas dos veciños. Vai propoñer que os acordos sexan de consenso nesa comisión.

U

O Sr. Soto Pérez lembra que o alcalde antes vía as cousas máis sinxelas e quitaba foto cos veciños detrás dunha pancarta.

B

O Sr. Alcalde pide que non diga mentiras. Recoñece que estivo cos veciños manifestándose, pero non quere entrar en cuestións que abran brechas na corporación.

L

O Sr. Soto Pérez quere introducir matizacións na proposta do Alcalde: que se integren na comisión representantes dos veciños e que o concello os apoie economicamente nos gastos que puideran incorrer de acudir a outras instancias.

I

O alcalde non ten problema en que participen os veciños, e nesa folla de ruta estudarase absolutamente todo. Se se puidese non acudir á vía xudicial, mellor. Cre que a comisión é suficientemente aberta para recoller as matizacións do voceiro de IxV. Pregunta se ó resto dos grupos lles parece ben.

C

Tanto o voceiro socialista como o popular están dacordo e piden que se axude aos veciños e isto non quede morto no tempo.

A

O Sr. Alcalde repite os termos na moción: *"Constituír unha comisión especial sobre os montes consorciados, nomeadamente da parroquia de Carantoña, Gorreis e Milleira, composta por un membro de cada grupo municipal, presidida polo alcalde, e asistida polos técnicos municipais de Secretaría, Intervención e Urbanismo, así como polo asesor xurídico do Concello. Constituiríase o*

**C** venres desta semana e traballará na elaboración dunha folla de ruta que indique os pasos a seguir, tendo en conta a aportación dos veciños afectados e dos seus asesores xurídicos.”

**O** Pregunta o Sr. Alcalde se se entende aprobada por asentemento.

Todos os membros presenten asenten.

**P** **13.4. Moción do PP: Toma de coñecemento da renuncia da concelleira do grupo PP, Doña Carmen Felicidad Borbujo Martínez**

**I** Pregunta o Sr. Alcalde se o Partido Popular ten alguna moción.

O portavoz popular di que si: xustifica a urxencia na necesidade de manter o grupo municipal do PP, que representa ao 25% dos vimianceses. Pide que se vote a urxencia.

**A** O Sr. Alcalde pide que se explique o contido da moción, porque senón non se sabe o que hai que votar.

O Sr. López Vázquez explica que quere que o pleno tome coñecemento da renuncia da concelleira popular D.<sup>a</sup> Carmen Borbujo.

**P** O Sr. Alcalde contesta que iso é competencia do alcalde, e se non está na orde do día é porque tal renuncia non estaba formalizada no momento da convocatoria. Dille que estará na orde do día do vindeiro pleno. Non está neste pleno porque hai que tramitar un expediente, unha serie de comprobacións, que non se fixeron para este pleno. Dille que arranxen os seus problemas, non o trasladen á corporación.

**Ú** O voceiro popular entende que tamén é cousa do alcalde, que debe tratar de axilizar os trámites. Pide que a Secretaria se pronuncie sobre a posibilidade de que a moción vai adiante.

**B** O Sr. Alcalde volve a repetirlle o motivo de que non se incluíra na orde do día: o escrito non estaba presentado cando se convocou o pleno.

O Sr. López Vázquez insiste en votar a urxencia da moción.

**L** O Sr. Alcalde pregunta se a Secretaria está en condicións de informar sobre este asunto. Pregunta cal é o procedemento en caso de renuncia dun concelleiro e se isto pode resolverse vía moción.

**I** A Secretaria considera que polo contido do acordo hai que verificar unha serie de aspectos. Sinala que o escrito de renuncia efectivamente está presentado, pero non verificou quen era o concelleiro seguinte na lista, coñece o nome porque llo dixo o Sr. López Vázquez, pero non puido realizar a preceptiva verificación documental por falta de tempo.

**C** O Sr. Alcalde pregunta cal é o procedemento habitual nestes casos.

**A** A Secretaria responde que ten que haber unha proposta da Alcaldía, previa tramitación do expediente por parte dos servizos xurídicos, que consiste en comprobar a presentación dun escrito de renuncia do concelleiro cesante e indicar o nome do concelleiro seguinte nas listas, a efectos de que a Xunta Electoral Central expida as súas credenciais.





# Concello de Vimianzo

C

O Sr. Alcalde considera que este asunto non cabe vía moción e por tanto non vai sometela a votación.

O

O voceiro popular pídelo ao alcalde que se comprometa a axilizar os trámites para que tome posesión o concelleiro correspondente.

P

O Sr. Alcalde manifesta que non se compromete, senón que está obrigado. Chámalle a atención a unha persoa do público por falar. Advirte que se volve a facer xestos vai ter que pedirlle que abandone a sala de sesión.

I

O Sr. Miñones pide permiso para ausentarse un momento da sala de sesións.

A

## **13.5. Moción do PP para a elaboración dos proxectos que deberán integrar o plan de obras posto en marcha pola Deputación Provincial da Coruña**

Solventado o incidente, o Sr. Alcalde pregunta se o PP ten máis mocións.

O Sr. López Vázquez di que si, e xustifica a urxencia da moción na recente aprobación pola Deputación do Plan DTC. 94, no que Vimianzo ten asignada a cantidade de 326.000 euros. Consideran conveniente que se inicien canto antes os trámites e se redacten os proxectos.

~~P~~

~~O Sr. Alcalde agradece estas propostas, que serán tidas en conta, pero a Deputación aínda o aprobou onte e nin sequera están publicadas no BOP. Non se sabe oficialmente a cantidade. Di que van ter tempo de falar deste asunto, motivo polo cal non lle parece adecuado aceptalas neste pleno.~~

U

O Sr. López Vázquez quere votar a urxencia.

O resto dos portavoces non ten problema. O Sr. Soto cre que non é unha proposta excluínte nin pechada, polo tanto queren votala porque xa teñen falado o asunto e van votar a urxencia.

B

O voceiro do BNG pide respecto institucional, e parécelle moi ben que o voceiro popular teña amigos na Deputación que lle facilitan información privilexiada, pero considera de moi mal gusto actuar así. Considera que as obras hai que falalas, non presentar unha lista de obras para as cales se cadra nin chegan os cartos.

L

O Sr. Alcalde pregunta se, como di a moción, é unha proposta dos tres grupos da oposición.

I

O voceiro socialista di que así é, pero que non é unha proposta pechada.

O alcalde pregunta, irónicamente, se agora goberna a oposición no concello. Parécelle moi ben que agora a estratexia sexa excluír ao goberno. Pregunta ao Sr. Miñones se sabe canto lle van a dar a Vimianzo e por que medio se enterou.

C

O Sr. Miñones Riveiro di que son 326.000 euros, e sábeo pola prensa.

A

O Sr. Alcalde somete a votación a urxencia. Con oito votos a favor (PSOE, IxV e PP), catro votos en contra (BNG) e ningunha abstención, aprobouse a urxencia.

O Sr. Miñones Riveiro di que son obras necesarias, e non é unha proposta pechada.

O Sr. Soto Pérez di que co alcalde é complicado, porque cando foi do POS xogou ao póker coa oposición, e aprobouse o POS a dous días do remate do prazo. Di que a información sobre o Plan

C

DTC 94 están na web da Deputación. Repite que non é unha relación excluínte: son as obras que tiñan no programa os tres grupos, incluso tamén o BNG. É consciente de que igual superan o importe asignado, pero non pasa nada, quedarán para o seguinte plan. Di que a oposición non pretende gobernar, sabe que é competencia do alcalde, pero non queren que os acusen de facer as cousas no último momento, para non poñer en risco os cartos.

O

P

O Sr. López Vázquez le o texto íntegro da moción, do que se transcribe únicamente a parte dispositiva:

I

*"(...) 1.- Que polos servizos técnicos se elaboren os proxectos antes recollidos, coa finalidade de integralos dentro do Plan DTC 94 da deputación provincial da Coruña.*

A

*2.- Que unha vez realizados os proxectos se traigan ao pleno para a súa aprobación e remisión á Deputación Provincial da Coruña e posterior execución das obras."*

O Sr. Alcalde está dacordo en que todas as obras son necesarias, e incluso algunha xa está feita. Alégrralle que a oposición saiba as intencións do goberno, pero non que as cousas se fagan así. Califica esta actuación como "golpe de estado" ao goberno lexítimo. Preocúpalle que non haxa interese nas obras, senón outros.

P

O Sr. Mancebo Amigo lembra un compromiso da Corporación de anos anteriores: a estrada Baio-Baiñas. Tiñan pensado levar esa obra, que vertebra case o 50% do municipio. Sinte que non estea contemplada, e agarda que se poda introducir dado que é unha proposta aberta.

Ú

O Sr. Alcalde entende que a moción é unha suxerencia. Pídelle ao portavoz do PP que aclare os termos da moción. Pregúntalle directamente se é unha suxerencia.

O Sr. López Vázquez di que si.

B

Sometida a votación a moción, o Pleno do Concello, por oito votos a favor (PSOE, IxV e PP), ningún voto en contra e catro abstencións (BNG), acorda:

L

1º. Suxerir ao alcalde que polos servizos técnicos se elaboren os proxectos antes recollidos, coa finalidade de integralos dentro do Plan DTC 94 da deputación provincial da Coruña.

2º. Que unha vez realizados os proxectos se traigan ao pleno para a súa aprobación e remisión á Deputación Provincial da Coruña e posterior execución das obras.

I

O Sr. Alcalde volve a repetir que o acordo plantexouse coma unha suxerencia das obras, como non pode ser doutra maneira, porque a competencia é do alcalde.

C

#### **14. Rogos e preguntas.**

O voceiro socialista fai tres preguntas:

A

1ª pregunta: se o alcalde sabe algo da xestión do Castelo de Vimianzo por unha empresa privada.

2ª pregunta: se se sabe algo da data de apertura do centro de día do xeriátrico.

3ª pregunta: como representante do consello escolar, pregunta por un escrito sobre as deficiencias da escola unitaria de Castromil.



# Concello de Vimianzo

C

O alcalde contesta:

O

1º. Respecto do consello escolar, que traslade as queixas.

P

2º. Respecto do centro de día, di que o concello vai exercitar os seus dereitos respecto da parcela cedida.

I

O voceiro de IxV fai dúas preguntas e un rogo:

A

1ª pregunta: reitera a pregunta sobre peche dun camino público no lugar de Reboredo, quere saber que actuacións tomou o concello.

2ª pregunta: di que as vías municipais nunca estiveron peor. Pregunta polos criterios, porque onte había persoal municipal limpando solares que non son de titularidade pública.

Rogo: no lugar de Cures hai unha fuga de auga dende hai un mes e medio, e din os veciños que está desfacendo unha pista. Pide que se arranxe.

P

O alcalde contesta que cando as demandas dos veciños chegan ao concello se comunican aos servizos municipais pertinentes e cando teñen exceso de traballo incluso se auxilian con contratacións externas.

Ú

Di que non é certo que as cunetas estean peor que nunca, tamén é certo que estiveron mellor. Di que as cuadrillas estanse organizando para limpar todos os núcleos. Limpáronse todas as vías asfaltadas e agora estase coas secundarias. Alega que leva un ano, co cal de momento pode dicir que é a herencia recibida.

B

Respecto do peche dun camino en Reboredo, pide ao Sr. Soto que dea datos e diga quen é a persoa que está pechando ese camino, en vez de sementar a dúbida nos plenos.

L

O voceiro do PP pregunta se hai algún informe da policía local, porque lle consta que estivo alí.

I

O alcalde volve a pedir que identifiquen o camiño e a persoa. Di que o voceiro popular, como veciño de Cures, non debería queixarse.

C

E non tendo máis asuntos que tratar, sendo as once horas e vintecinco minutos, pola presidencia dase por rematada a sesión da que se estende esta minuta- borrador a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, en Vimianzo, o vinteito de xullo de dous mil doce.



C  
O  
P  
I  
A

P  
Ú  
B  
L  
I  
C  
A